



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO

FORMACION

SEGURIDAD Y SALUD

LABORAL



CENTRO DE SEGURIDADE E SAUDE LABORAL
A CORUÑA

Autor: D. Carlos Vidal Gómez de Travedo

PLANS DE URXENCIA E EVACUACIÓN.

PLANS DE URXENCIA E EVACUACIÓN.

A Lei de Prevención de riscos Laborais no seu Artigo 20, baixo o título de Medidas de urxencia, indícanos que o empresario deberá:

- ▣ Analizar as posibles situacións de urxencia
- ▣ Adoptar as medidas necesarias en materia de:
 - ▣ Primeiros auxilios
 - ▣ Loita contra incendios
 - ▣ Evacuación dos traballadores.
- ▣ Comprobar periodicamente o correcto funcionamento do plan de urxencia
- ▣ Designar ao persoal encargado de poñer en práctica estas medidas que deberá posuír formación necesaria
- ▣ Ter en conta a posible presenza de persoas alleas á empresa.

- ▣ Organizar as relacións con servizos externos á empresa de:
 - ▣ Primeiros auxilios
 - ▣ Asistencia médica de urxencia
 - ▣ Salvamento e loita contra incendios.

ELEMENTOS DUN PLAN DE URXENCIA

Para cada situación de urxencia, debería existir un Plan de actuación, unha organización e uns medios de loita

- ✦ PLAN DE ACTUACIÓN
- ✦ PLAN DE EVACUACIÓN
- ✦ PLAN DE URXENCIA INTERIOR
- ✦ PLAN DE URXENCIA EXTERIOR

PLAN DE ACTUACIÓN

O seu cometido é:

- ▣ Salvagardar a traballadores e poboación afectada
- ▣ Minimizar danos materiais

PLAN DE EVACUACIÓN

Ten como misión a de servir para:

- ▣ Protección de persoas.
- ▣ Traslado a lugares seguros de forma controlada e ordenada

PLAN DE URXENCIA INTERIOR

Inclúe a Organización, Conxunto de medios e Procedementos de actuación para previr accidentes e mitigar os seus efectos, en todas as instalacións do centro de traballo e a Protección de persoas e instalacións.

Define a secuencia de accións a desenvolver para o control inicial das urxencias, respondendo ás cuestións:

- ¿QUE SE FARÁ?
- ¿QUEN O FARÁ?
- ¿CANDO?
- ¿COMO?
- ¿ONDE?

PLAN DE URXENCIA EXTERIOR

É un Plan de Urxencia que agrupa:
Varios plans de urxencia interiores de empresas próximas.
Plan de actuación conxunto de varias empresas
Plan de actuación municipal

Nun plan de urxencia dunha empresa debemos dispoñer dunha organización do persoal en equipos

EQUIPO DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN

Traballadores, con coñecementos básicos contra incendios e urxencias que actúen directamente contra as causas da urxencia (todos os traballadores da empresa

EQUIPOS DE SEGUNDA INTERVENCIÓN

Bombeiros de empresa, (cos medios adecuados) .-
Estes dispoñerán de formación e adestramento suficiente para loitar contra calquera tipo de urxencia

EQUIPOS DE ALARMA E EVACUACIÓN

Grupos de dous ou tres traballadores. Han de dirixir ordenadamente ás persoas cara ás saídas de urxencia correspondentes, verificando que ninguén quede sen evacuar, auxiliar aos feridos e colaborar cos equipos de primeiros auxilios.

DIVULGACIÓN DO PLAN DE URXENCIA

Ademais do Manual De Urxencia. TEMOS QUE TER:

- Fichas Individuais de Actuación.
- Accións inmediatas a realizar por cada empregado en caso de Urxencia.
- Carteis divulgativos do PEI.
- Esquemas de actuación ante Urxencias, lugares de paso e estratéxicos.
- Información para Persoal Foráneo. Imprescindible para Contratistas e Visitas (Planos ,Edificios).

Recordemos que o Artigo 24: Coordinación de actividades empresariais, indícanos a obriga do empresario titular do centro de traballo a adoptar as medidas necesarias para que aqueles outros empresarios que desenvolvan actividades no seu centro de traballo reciban a información

e as instrucións adecuadas, en relación cos riscos existentes no centro de traballo e coas medidas de protección e prevención correspondentes, así como sobre as medidas de urxencia a aplicar, para o seu traslado aos seus respectivos traballadores.

SIMULACROS

Convén ensaialas un mínimo de dúas veces ao ano para:

- Mellorar as actuacións analizando os fallos , sen necesidade sufrirse as consecuencias dunha urxencia real
- Conseguir o hábito das actuacións en urxencia.

É IMPORTANTE ACTUAR EN TODO MOMENTO CO MESMO RIGOR QUE SE SE TRATASE DUNHA SITUACIÓN REAL


ALGUNHA LEXISLACIÓN RELACIONADA

ORDE MINISTERIAL DE 29 DE NOVEMBRO DE 1984, DO MINISTERIO DO INTERIOR POLA QUE SE APROBA O MANUAL DE AUTOPROTECCIÓN.

GUÍA PARA DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE URXENCIA CONTRA INCENDIOS E DE EVACUACIÓN DE LOCAIS E EDIFICIOS (BOE NUM. 49, DE 26 DE FEBREIRO).

R.D. 886/1988 SOBRE PREVENCIÓN DE ACCIDENTES MAIORES EN DETERMINADAS ACTIVIDADES INDUSTRIAIS. BOE Nº 187 DE 5.8.1988

Se consideramos as categorías dos accidentes na Industria Química.



Categoría 1:

Accidentes con única consecuencia de danos materiais nas instalacións. Non hai danos de ningún tipo exteriores á instalación industrial.

Categoría 2:

Accidentes con consecuencia de posibles vítimas e danos materiais na instalación industrial. As repercusións exteriores limitáanse a danos leves ou efectos adversos sobre o medio ambiente en zonas limitadas.

Categoría 3:

Accidentes con consecuencias posibles de vítimas, danos materiais e graves do medio ambiente en zonas extensas no exterior da instalación industrial.

Os accidentes de categorías 2 e 3 son os considerados como accidentes maiores. As industrias afectadas polo R.D. 886/1.988 terán que entregar á

Administración a información correspondiente para a elaboración do PLAN de
Urxencia Exterior

CUESTIONS PLANS DE URXENCIA E EVACUACIÓN

¿CALES SON OS ELEMENTOS DUN PLAN DEMERGENCIA?

.....
.....
.....
.....

¿ CALES SON OS COMETIDOS DUN PLAN DE ACTUACIÓN?

AS ACTUACIONES DE ADIESTRAMIENTO PARA URXENCIAS CHÁMANSE:

Conato de urxencia

Plan primario

Simulacro

As EMPRESAS OBRIGADAS A TER AUTOPROTECCIÓN DEBERÁN
DISPONER DE :